

**Asociación de Nais e Pais de Alumnos
San Martiño do IES Johan Carballeira**

Rexistro nº 1988-1809-1 / CIF G36178168

Rúa Staffan Mörling, 4 - 36930, Bueu

anpa.johan.carballeira@gmail.com

698 14 75 57



ASEMBLEA DE COMEZO DE CURSO 2025/2026

O martes 07/10/2025, ás 19:15 h, reuniuse en primeira convocatoria no salón de actos do IES Johan Carballeira a asemblea da ANPA. Espérase á segunda convocatoria ás 19:30 h e, a esa hora, coa asistencia de 12 socios/as, iníciase a asemblea.

Trátanse os seguintes asuntos incluídos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da asemblea anterior.

Faise lectura da acta da asemblea xeral ordinaria de peche do curso anterior, celebrada o 17/06/2025, quedando aprobada, e infórmase de que quedará dispoñible para a súa consulta no espazo ANPA da web do centro.

2. Informe económico de comezo de curso.

Prodúcese un período de máis entradas que saídas debido ao ingreso proveniente do banco de libros e das novas cotas.

Datos deste novo curso (período comprendido entre o 18/06/2025 e o 6/10/2025):

Entradas por cotas ANPA	2 352 €
Entradas por cotas Banco de Libros + Libros	3 219 €
Gastos compra librería (libros 3º ESO)	- 947,04 €
Gastos en devolucións banco de libros	- 147 €
Gastos cafetería derivados da xincana de Nadal	- 8,3 €
Gastos teléfono ANPA	- 36 €
Gastos comisións bancarias	- 21 €
TOTAL	4 411,66 €

Saldo anterior	14 483,56 €
Saldo actual	18 895,22 €

- Somos 149 familias asociadas.
- Hai 32 socios que se benefician do banco de libros por primeira vez.
- Temos 168 alumnos en total inscritos na ANPA.

Una nai pregunta máis ou menos cantos alumnos ten o centro. Respóndese dende a ANPA que, aproximadamente, poden ser uns 700 alumnos, contando ao alumnado dos diferentes ciclos.

Outra nai fainos una achega indicando que o alumnado da ESO e de Bacharelato pode ser entre 240/300 alumnos. Dende a ANPA resaltamos que o alumnado dos ciclos pouco usa os servizos da ANPA.

3. Informe sobre o banco de libros 2025/2026.

- Repartíronse 263 libros, dos cales 97 foron gratis.
- Beneficiáronse 124 alumnos deste servizo.

ALUMNOS CON BANCO DE LIBROS POR CURSO
1º ESO: 21
2º ESO: 22
3º ESO: 23
4º ESO: 13
1º BACH: 25
2º BACH: 19

Este ano deixamos os libros de 1º, 2º e 3º ESO gratis. Valoramos manter a gratuidade dos libros o curso que vén para toda a ESO mentres a Xunta manteña o EDIXGAL, a non ser que haxa que renova-los ou comprar novos se non hai suficientes. Ponse coma exemplo que este ano tívo-se que realizar unha compra de libros de Galego.

*Informamos que, tendo en conta que os libros son caros, cremos que é un servizo moi útil que queremos seguir mantendo no tempo. Rogamos que os libros se coiden e se devolvan ao final do curso e que se respecten os prazos de recollida e entrega co fin de facilitar o traballo e conseguir un bo servizo, xa que é un traballo moi laborioso para a ANPA.

Dende a ANPA valorouse moi positivamente o novo sistema de entrega de libros. Cre-mos que funcionou ben.

4. Xestións e tramitacións realizadas pola asociación neste novo curso.

Este ano creamos unha comunidade de Whatsapp para aloxar os grupos de “Socios con Banco de libros” e “Socios sen banco de libros”. É máis sinxelo a nivel comunicativo porque os avisos son xerais para ámbolos dous grupos.

Este mes vaise cambiar o certificado dixital da ANPA para poñelo ao nome da nova presidenta.

5. Propostas de actividades e xestións a realizar.

- Xincana de Nadal:

Este ano pensamos facela a prol do Club de Taekwondo SIU.

Faise un inciso para recordar que calquera socio pode aportar ideas. En anos anteriores fixémosla a prol doutras asociacións pero hai dous anos comezamos colaborando con diferentes clubs deportivos do concello.

Serán seis probas repartidas por Bueu.

Os refuxiados queren colaborar así que se solicitará a súa colaboración. Teremos 3 persoas por proba: ANPA + club SIU + refuxiados.

Ofreceremos chocolate para pechar actividade na cafetería coma sempre.

- Carreira de Pascua:

O ano pasado, a primeira vez que se fixo, foi unha carreira que tivo moito éxito, máis de 400 persoas inscritas. Ademais o instituto participou moi activamente.

Está aínda sen determinar a quen adicar a carreira solidaria deste curso.

Este ano tentaremos organizar conxuntamente coas ANPAs do Illa e de A Pedra.

Unha nai comunica que posiblemente dende a ANPA do Illa vexan boa a colaboración pero que pensa que a dirección do centro pode pór pegas. Contestásele que somos conscientes da situación e enviaremos unha invitación para que se unan a participar no evento.

Estamos pensando en solicitar unha ambulancia para esta carreira, non está de máis tela polo que poida pasar, e falamos tamén de solicitar a axuda de Protección Civil.

- Cursos, charlas e formacións varias:

Chegounos ao mail información dun obradoiro en liña chamado “Huella digital: lo que tus hijos publican hoy y cómo les afectará mañana”. Sería en decembro e custa 90€ + iva. Informamos aos socios. Á ANPA parécenos interesante pero queremos saber a súa opinión. Mandaremos enquisa por whatsapp.

A orientadora que deu as charlas sobre técnicas de estudo e de orientación vocacional ofrece novas charlas este ano pero presenciais. Vainos mandar máis información por mail.

A Garda Civil da charlas gratuítas sobre acoso, drogas e temas relativos. Falamos estes días co centro para comentarllo e xa contactaran con eles para que veñan este curso. O ano pasado xa viñeran.

- Proposta de aparatos de calistenia.

Ofreceuse ao instituto montar algún aparato de calistenia se o ven viable e se hai oco no patio. Van ver se se podería poñer algo nalgún lugar e tamén van preguntar ao Xoan XXIII se farían algún aparato destes, tendo en conta o material que fixeron no colexio A Pedra.

- Proposta de chalecos reflectantes:

Queremos comprar e serigrafiar chalecos para as actividades da ANPA.

- Proposta de retomar o CORO:

Queremos retomar as conversas coa profesora de música e o instituto para formar un coro cos alumnos. Intentarase ter o tema avanzado de cara á xaneiro.

6. Continuidade das charlas profesionais de voluntarios e voluntarias.

En cursos anteriores pais, nais ou familiares dos rapaces ofreceron charlas no instituto falando de diferentes oficios como guía do que podían encontrar no mercado laboral. Pedimos colaboración para seguir con estas charlas: se alguén coñece algunha persoa que poida ir dar unha charla que se poña en contacto coa ANPA.

Unha nai presente comenta que hai un par de anos ela fixera unha de estas charlas e que non ten obxección en intentar cadrar para facelo este curso.

7. Autorización dos socios/as para presentar axudas e/ou subvencións para a asociación.

Pídese a autorización para poder pedir axudas. Ninguén en contra.

Estamos tentando tirar da Deputación para ver se conseguimos algunha axuda. Hai unha interesante para actividades deportivas que tal vez poidamos solicitar para a carreira de Pascua.

8. Propostas e suxerencias por parte dos socios/as de actividades a realizar.

Pregúntase aos socios presentes se queren facer algunha proposta:

- Proponse a creación dunha actividade de Pilates, tendo moi boa acollida por parte de todos os presentes. Vanse a levar a cabo as accións necesarias para ver como organizar a actividade.
- Proponse tamén facer unha actividade cos alumnos de 4º ESO relacionada coa orientación de estudos.

Respóndese a esta proposta que temos en marcha algún obradoiro online relacionado. Estes obradoiros quedan colgados no enlace durante un tempo para que a xente que non se puido conectar na data acordada poida ter acceso ao contido igualmente.

Insisten en que quizás sexa mellor algo presencial onde os alumnos poidan interactuar e dende a ANPA recordamos que no propio instituto temos o departamento de orientación e que, nunha reunión mantida coa directiva, informáronnos de que dende o centro dan unha charla aos alumnos de 4º ESO e que, segundo as fortalezas que amosen, recoméndaselles as materias a escoller se pasan a bacharelato.

Asimesmo recordamos que dende o instituto fanse saídas co alumnado a feiras de educación tanto en Vigo como en Pontevedra onde poden coñecer todas as ofertas educativas a escoller. Aínda así, dende a ANPA comprometémonos a ter unha reunión coa orientadora do instituto para pedirlle que organice unha charla para alumnado de 4º ESO e BACH para tratar este tema.

9. Outros asuntos.

Poñemos en coñecemento que dende o instituto realízanse as seguinte actividades:

- Club de Lectura, club de ciencias, grupo de música ao longo de todo o curso e a actividade de Talent for Change en abril, na que este ano colabora a Universidade de Vigo.
- Contamos tamén coas actividades de Erasmus, tanto escolar coma nos ciclos. Este ano o calendario establecido para os Erasmus tentouse facer de tal forma que comprometa o mínimo posible o curso escolar dos rapaces.
- Este ano a maiores van colaborar cun proxecto interescolar organizado polo instituto Paralaia de Moaña no que se impartirán charlas de concienciación sobre a participación de persoas con discapacidades en actividades deportivas.
- O profesor de Educación Física colabora co banco de alimentos e teñen programada unha charla para o día 15 de outubro.

Hai unha aportación dunha nai que pensa que nesa data pode estar convocada unha folga de ensino. Dende a ANPA consideramos que, de ser así, o instituto notificarannos unha nova data para a charla.

Sen máis que tratar, dáse por concluída a reunión.



Asdo. O Secretario

Asdo. A Presidenta